

ACTA DO PLENO ORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 29 DE SETEMBRO DE 2016

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas do día vinte e nove (29) de Setembro do ano dous mil dezaseis (2016), reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuiña Fernández, (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D^a. Ana Luísa González Costa, (PSdeG-PSOE)

D. Klaus Brey Montaña, (PSdeG-PSOE)

D. Jesús Taboada Lázara, (PSdeG-PSOE)

D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)

D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)

D. Ignacio Maril Pardo, (PP)

D^a. Natalia Iglesias Mendez, (PP)

D^a. M^a del Carmen Folla González, (PP)

D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG)

Non asiste: D. José Antonio Ramos Dobarro e D^a. M^a José Fernández Rodríguez, (PSdeG-PSOE).

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, secretario do concello, que da fe do acto.

1º.- ACTA/S DA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES (Do 28-07-2016 e 31-08-2016).

Queda aprobada.

----- ... -----

2º.- APROBACION DA CONTA XERAL DO 2015.

Logo de que no Pleno de Marzo se fixera constar o resultado da Liquidación, formouse a Conta Xeral do 2015, con ditame da Comisión Especial de Contas e exposición ó público polo prazo de 13 días, sen que se formularan observacións:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN 2015.

Examinada a liquidación do exercicio 2015, e liquidación de exercicios pechados, cos seus documentos xustificativos.

Visto que con data 29 de febreiro de 2016, foi emitido informe de Intervención, de conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

Visto que con data 29 de febreiro de 2016, emiteuse informe de Intervención de Avaliación do cumprimento do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria.

De conformidade co artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 90.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, sobre materia orzamentaria.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación do Orzamento Xeral de 2015, cuxas principais magnitudes son as que se detallan a continuación:

- Dereitos recoñecidos netos	6.077.659,27.-
- Obrigas recoñecidas netas	5.889.589,89.-
- Resultado Orzamentario axustado	188.069,38.-
- Remanente de Tesourería total	2.700.825,34.-
- Desviación de financiamento positivas	40.000,00.-
- Saldos de dubidoso cobro	2.271.076,68.-
- Remanente de Tesourería para gastos xerais	389.748,66.-

SEGUNDO: Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, desta resolución dacordo co establecido nos artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e o 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO: Ordear a remisión de copia de dita liquidación aos órganos competentes tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma.

O manda e asina o Sr. Alcalde, D. Manuel Cuiña Fernández, en Silleda, a 29 de febreiro de 2016; do que, como Secretario, dou fé.

O ALCALDE
Asdo. Manuel Cuiña Fernández.

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintán Queiruga.

INTERVENCIONS: logo da exposición do Alcalde sobre a tramitación da Conta, o voceiro do P.P. salienta que se fai difícil o control cos cambios do formato, polo que prega que se corrixa. Iguamente incide no desfase entre as Contas e os Orzamentos, o que lle resta credibilidade, por estar inflados.

Voceiro do BNG: lembra a postura mantida de non aprobar as Contas ata que se pagaran facturas pendentes. Tendo noticias de que se ía a pagar a da Asociación Feiral, unha cuestión mesmo utilizada para mentir sobre a súa conduta, o cal non admito e por iso nos non estábamos en condicións de apoialas, tratándose sinxelamente de pagar a persoas que prestaron servizos a este Concello. Finalmente pide que, cara o 2017, se revisen os investimentos reais.

Secretario e Interventor: comentan que non hai cambio de formato, xa que o mesmo está regulado nunha Orde Ministerial e logo é trasladado a contabilidade pola empresa encargada do programa de contabilidade, ABSIS. No concello iso non se toca.

Alcalde: replica ó P.P. que é incerto o suposto "inflado" dos Orzamentos, xa que o nivel de execución supera o 90 %, cifra que desmente tal argumento. O outro suposto desfase ao que se refire, xa se lle explicou que era a diferenza polo 2º semestre da recollida da basura, que queda pendente a final de ano, ata que se recada no exercicio seguinte.

O voceiro do BNG lle contesta que aquí ninguén dixo que os cartos os levara alguén ao seu bolsillo, xa estou aburrido desta historia. Aquí non caben insultos. A factura tiña uns defectos, por iso se cambiou e unha vez cambiada se pagou.

Lle interrompe o voceiro do BNG...

Logo de advertirlle de expulsión pola interrupción, sinala que ninguén insulta coma o fai o voceiro do BNG

Voceiro do BNG: replica que non houbo insultos, hai que consultar a hemeroteca... Non pode dicir que insultei cando se usa a linguaxe nun contexto político, sen improprio nin insultos pola miña parte. Outra cousa é que lle incomode a miña linguaxe.

VOTACIÓN: Vista a Proposta da Alcaldía, por unanimidade, se acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a CONTA XERAL do Orzamento de 2015, logo do ditame da Comisión Especial de Contas e da exposición pública da mesma, sen observacións.

SEGUNDO: Ordear a remisión aos órganos competentes tanto da Delegación de Facenda como ao Consello de Contas da Comunidade Autónoma.

----- ... -----

3º.- RATIFICACION DA RESOLUCION DA ALCALDIA DE PROPOSICION AO CONSELLO DE MINISTROS DA PREGUNTA DA CONSULTA POPULAR SOBRE TRASLADO DA CASA CONSISTORIAL.

PREGUNTA: ¿Está Vd. de acuerdo en el traslado de la Casa Consistorial –Rúa Trasdeza nº 55- y demás servicios municipales ubicados en otras dependencias, al edificio actualmente destinado a Casa de la Cultura?

RESPUESTAS:

SI, estoy de acuerdo con el traslado

NO, estoy en contra del traslado

Alcalde: explica que feita a petición do permiso para facer o referéndum, que xa se trouxo noutro pleno, o goberno comunica que hai que presentar a pregunta concreta que se vai a realizar. Que a pregunta que se trasladará ao Goberno de España, que se fará aos veciños, textualmente, é a que consta no encabezamento.

Voceiro PP: indica que o tema xa se debateu no anterior pleno e que non o poden apoiar, non por estar en contra das consultas populares, pero que como xa dixeron, queren que se poña xunto coa pregunta o orzamento de canto custará o traslado. Que como non é así non o apoian.

Voceiro do BNG: sostén que o PP usou o argumento do seu grupo diante da opinión pública e nas reunións. Están de acordo con facer un referéndum, cas explicacións polas parroquias, co traslado e unificación de servizos... totalmente de acordo.

Que a pregunta, ben, pero que o único que dixeron e que na pregunta se debe de mandar unha valoración económica do que custará, porque non se pode converter a cuestión nun cheque en branco, xa que o custe está entre 500.000 e 1 millón de euros. Que a xente ten que saber o custe porque senón o referéndum será un fraude á cidadanía, e que as respostas son tan abertas que votar parece unha irresponsabilidade e tamén un insulto aos silledenses mandar a pregunta só en castelán, que polo menos vaia en dous idiomas.

Alcalde: comenta que o BNG practica as asembleas abertas, nas que sempre avogan por referéndums para todo..., e que en canto se presenta un referéndum, como non son capaces de recoñecer nunca nada ben feito, sobre todo se non sae deles, pois neste caso tamén. Que como saben que e algo non que poden discutir rizan o rizo. O Ministerio pide unha pregunta concreta. Que non se lle vai mandar un orzamento, nin estudio económico, nin prazos de traslado, que non se lle vai mandar unha enciclopedia. Outra cousa distinta, que se fará ou non, porque nunca se dixo que non se faría é que antes do referéndum se presente un estudio económico do custe. Cuestión diferente é presentar proposta de prazos á cidadanía, que son cousas distintas... Que quen fai os orzamentos municipais é o Concello, non o Ministerio. Iso todo o temos que presentar á cidadanía, o estudio de custes, as vías de financiación a través doutras Administracións, prazos.. Que iso si se pode facer antes do referéndum. Que nadie o discutiu, pero que poñer pegas a isto... A pregunta é so unha pregunta, que o Ministerio non lle importa o que custa o traslado, nin cando se fará e consultarán si se pode facer nas dúas linguas.

Pregunta o voceiro do PP se a postura do goberno variou sobre si se ia facer estudio de custes ou non.

Responde o alcalde que nunca se dixo que non se ia facer. Que tamén o PP dixo que o cambio se ia facer en setembro.

Insiste en preguntar si se fai o estudio antes do referéndum.

Alcalde: que se decidirá. Que o estudio si se fará. E que se decidirá en función do custe que teña, porque unha cousa é unha previsión e outra gastar cartos antes do referéndum para un proxecto que terá un custe como moitos que se fixeron aquí antes que custaron 30.000 ou 40.000 euros e logo quedaron ahí nun caixón. Verase o custe e se se pode presentar publicamente. Que se os técnicos din que a única forma de presentar á cidadanía un informe fiable é facer o proxecto, entón non se fará antes do Referendum. Porque se decidimos que se cambiará ese deseño, os cartos quedarían tirados. Se os técnicos lle din que as contas internas son fiables, entón si se dirá. O goberno non esconde nada. Que sempre dixo que un proxecto destas características ten un custe elevado para facer sen saber se se vai facer a obra. E que iso o dixo sempre e que o estudo de custos non é tan relevante, que o máis importante é saber buscar os fondos para esa obra, que tampouco se dixo que o traslado se ia facer de inmediato. Que practicamente non queda ningún concello en Galicia do tempo deste edificio que non se aumentara ou modificara. Que se están arranxando moitos con fondos doutras Administracións.

Voceiro do BNG: afirma que eles sempre dixeron que estaban a favor do traslado sempre e cando a inversión non fora en detrimento doutras inversións prioritarias do Concello. Que se conseguen cartos é labor de xestión do Concello, pero que iso non quita que se inclúa a valoración na pregunta. Asegura que deron a cara publicamente e se posicionaron a favor de concentrar todos os servizos no edificio proposto. Pero que esa pregunta é unha irresponsabilidade. (lee a pregunta e as respostas). Si estou de acordo, non estou de acordo ¿en qué?... Que a pregunta, na resposta, terá que complementarse co custe estimado. Que o que se quere é participación cidadá. Que se debe incluír a previsión do que custa, non enganar. Sabemos que hai obra, é que non custa tan pouco como pensan algúns. Reitera que á xente sí que lle preocupa o custe da obra. Díganos a previsión do que custa, que se sabe.

Outra cousa e se se quere que sexa a obra do Escorial... e queiramos facer isto a costa de todo e de todos, informen con claridade que na resposta hai que incluír o custe, á xente non lle preocupa que o concello se traslade, pero sí canto costa.

Remata o Alcalde dicindo que as posturas están claras, que non se preocupen que a cidadanía de Silleda mentres estea o actual goberno terá bastante máis información da que tivo noutras ocasións con gobernos anteriores, ou da que tiveron os británicos co Brexit cando os populistas o propuxeron sen facer estudio do que custaría irse da UE.

VOTACIÓN: 6 votos a favor (PSOE) e 5 en contra (4 PP e 1 BNG), se acorda:

- RATIFICAR A RESOLUCION DA ALCALDIA DE PROPOSICION AO CONSELLO DE MINISTROS DA PREGUNTA DA CONSULTA POPULAR SOBRE TRASLADO DA CASA CONSISTORIAL, segundo texto concreto en castelán y galego que segue:

PREGUNTA: ¿Está Vd. de acuerdo en el traslado de la Casa Consistorial –Rúa Trasdeza nº 55- y demás servicios municipales ubicados en otras dependencias, al edificio actualmente destinado a Casa de la Cultura?

RESPUESTAS:

SI, estoy de acuerdo con el traslado

NO, estoy en contra del traslado

PREGUNTA: ¿Está Vd. de acuerdo no traslado da Casa do concello –Rúa Trasdeza nº 55- e demais servizos municipais situados noutras dependencias, ao edificio actualmente destinado a Casa da Cultura?

RESPUESTAS:

SI, estou de acordo co traslado

NON, estou en contra do traslado

----- ... -----

4º.- Dar conta de sentenza. Condena a empresa EXPLOTACION MINERA DE CAMPOMARZO SL, en concepto de canon municipal pola explotación dun vertedoiro polo período 2005/2007 (43.098,42 € + 18.963 € de intereses demora) e 2008/2011 (77.805 + 92.876,37 + 46.385,08 + 48.930,32 – 38.977,25 € en facturas + intereses demora pendentes cómputo).

Pola Alcaldía dáse conta da sentenza cos datos que se reflicten no mesmo enunciado, aínda que está pendente dunha petición de aclaración. Así mesmo é apelable, sen que o Concello vaia a interpor tal recurso, por considerala xusta.

Voceiro do BNG: e pide que se aclare como está agora mesmo a situación do vertedoiro tras as denuncias públicas e a ameaza de levar ao xulgado a xestión do vertedoiro municipal de inertes, e que fixo o Concello dende que se destapou que se estaba facendo isto de forma.

Alcalde: o Concello fixo as súas averiguacións e informes a través da Policía Local e trasladou á Consellería do Medio Ambiente todas as irregularidades que cremos que alí se están cometendo. Que se está á espera da Consellería de Medio Ambiente, que abriu un expediente

informativo sobre esta actividade, e o Concello está a expensas de ser informado de todo o que ese expediente propicia.

Voceiro do BNG: entende que corresponde o Concello, ao ser unha concesión pública e un vertedoiro municipal, non lle pediu á Xunta ou non fixo a suspensión cautelar ou pediu que se fixera cando se ten constancia de que se están cometendo non so unha irregularidade, tamén unha ilegalidade, e por tratarse de sustancias ademais nocivas e perigosas.

Alcalde: o Concello non fixo suspensión cautelar porque o esta levando, está facendo a inspección a Xunta, que ten máis medios. A Concellería é a responsable é ten medios para dicir se a actividade é legal ou non. Unha vez que o expediente se traslade ao Concello, verase se se fai ou non fora da legalidade. Se a Consellería non toma medidas o Concello fará as pertinentes, dentro da Lei, pero hai que esperar a que nos pasen o expediente, as investigación e informes que están facendo.

Voceiro do BNG: asegura que se pode intervir e que a cuestión é que cando o BNG destapou o tema..., se teme que haxa compadreo entre a Xunta de Galicia e determinadas empresas para a explotación de certos recursos. Que iso contaminou dende sempre, que é ilegal. Señala que o Concello ten medios suficientes, e que ao mellor se pode actuar cun técnico que firme o que ve alí, e suspender cautelarmente iso, que se quedou en que o Concello tomaría cartas no asunto.

Alcalde: sinala que tomar cartas no asunto é facer un expediente amplo, levalo á Xunta e intentar que se faga unha inspección clara como se está facendo. Outra cousa é que chegue un informe que diga que o fan moi ben... Que de momento toca esperar.

2005/2007	43.098,42 €	18.963 € de intereses demora	62.061,42 €
2008/2011	77.805 + 92.876,37 + 46.385,08 + 48.930,32 - 38.977,25 €(facturas)	+ Intereses demora pendentes aclaración sentencia	
TOTAL	270.117,94 €		

Por outra banda, se propón delegar no ORAL a posible recadación en vía executiva por si fora necesario, en función da previsible apelación da parte contraria e os posibles atrasos que iso ocasionará cara ao cobro da débeda.

4.1.- DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA (ORAL) DAS FACULTADES DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO QUE SE ATOPEN PENDENTES DE COBRO NA TESOURERÍA DO CONCELLO (Sentenza condenatoria de **309.095,19 €** de principal –menos facturas-, mais intereses, a CAMPOMARZO S.L., nº 169/2016, P.O. nº 301/2015, 29 Xullo 2016, Xulgado Contencioso-Admtvo. Nº 2).

DELEGACIÓN NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA AS FACULTADES DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA DOS INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO QUE SE ATOPEN PENDENTES DE COBRO NA TESOURERÍA DO CONCELLO.

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- *Delegación na Deputación Provincial de Pontevedra (ORAL) de acordo co disposto no artigo 7 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 106.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e no artigo 8 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, que aproba o Regulamento Xeral de Recadación, ás seguintes facultades:*

- *Recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público que se atopen pendentes de cobro na Tesourería do Concello. Asumindo a Deputación Provincial a competencia para ditar os actos correspondentes ás competencias delegadas, incluída a emisión da correspondente providencia de prema, así como os medios de revisión tributarios.*

2.- *Ambas partes conveñen en cumprir coas funcións e obrigas de comunicación e colaboración descritas na normativa indicada, fundamentalmente o disposto nos artigos 106.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 8 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, co obxecto de facilitar o exercicio das competencias delegadas na Deputación de Pontevedra. O Concello deberá prestar a colaboración necesaria, especialmente nos seguintes aspectos: a localización de suxeitos pasivos, contribuíntes, obrigados ao pagamento ou debedores, certificando ou informando respecto da súa veciñanza ou non no termo municipal, a posesión ou carencia de bens e o exercicio ou non de actividades; poñer a disposición dos Servizos Tributarios da Deputación os seus rexistros e bases de datos que conteñan información de interese tributario, respectando en todo caso o que establecen a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e as normas que a desenvolven; así como a exposición pública no taboleiro de anuncios do concello e outros lugares de costume, dos edictos que se diten no exercicio das competencias delegadas. A Deputación Provincial porá a disposición do Concello os medios necesarios para o subministro da colaboración e dará conta periodicamente dos resultados da xestión das competencias delegadas, poñendo a súa disposición información sobre a situación dos recursos xestionados.*

A representación e defensa polos Letrados do ORAL-Deputación de Pontevedra nos procesos xudiciais consecuencia do exercicio das facultades delegadas ou encomendadas será gratuíta para as entidades delegantes ou encomendantes. Os gastos de Procurador, cando fora necesario, serán asumidos polo ORAL- Deputación de Pontevedra. O importe da condena en costas das partes contrarias nun proceso constituirán un ingresado na Tesourería da Deputación de Pontevedra-ORAL. En caso de condena en costas do ORAL- Deputación de Pontevedra, o importe da minuta será asumida pola Deputación salvo que a condena en costas fose consecuencia de sentenza desfavorable que teña a súa orixe en trámites, accións ou omisións causadas pola entidade delegante ou encomendante, suposto no que será asumido por dita entidade.

3.- *A delegación sométese as condicións establecidas nas Bases para a prestación do servizo aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial en data 20/07/92, na Ordenanza reguladora da taxa pola prestación de servizos, aprobada*

polo Pleno da Deputación Provincial en data 31/10/2014, a Ordenanza fiscal xeral do órgano de xestión tributaria e recadación de recursos locais (ORAL) aprobada polo Pleno da Deputación Provincial en data 22/02/2013, e demais disposicións de pertinente aplicación ou, no seu caso, a normativa que por imperativo legal ou por razóns organizativas a substitúa.

4.- Facúltase á Alcaldía para que, en nome e representación do Concello, formalice o correspondente convenio coa Deputación Provincial así coma os demais documentos que procedan.

VOTACIÓN: Vista a Proposta da Alcaldía, se aproba por unanimidade.

----- ... -----

5º.- PERMUTA DE CAMIÑO PUBLICO NA FINCA 693 DO POLIGONO 6 DO PLANO DE CONCENTRACION PARCELARIA DE LARO CON PARCELA MUNICIPAL, Nº 705, MASA COMUN DA MESMA CONCENTRACION PARCELARIA.

VISTO o expediente instruído a instancias de JAIME TROITIÑO FERNANDEZ, DNI nº 76813143-C, que “*propone ceder el tramo de camino citado anteriormente sobre la parcela 693, por la totalidad de la parcela 705-Polígono 6. Concentración Parcelaria de Laro, que actualmente es masa común y propiedad del Ayuntamiento de Silleda*” (19 Xaneiro 2009).

“Que desde hace años es propietario, con carácter ganancial, de la finca de la concentración parcelaria de LARO-PARADA, nº 693-Polígono 6, la cual compró al Ayuntamiento de SILLEDA libre de cargas y que actualmente está cruzada y cortada por un camino que usan los vecinos, tanto para las explotaciones existentes como para fincas y propone ceder el tramo de camino citado anteriormente sobre la parcela 693, por la totalidad de la parcela 705-Polígono 6. Concentración Parcelaria de Laro, que actualmente es masa común y propiedad del Ayuntamiento de Silleda”

VISTO que a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día dous de xuño de dous mil, aprobou entre outros, o seguinte acordo:

3º.- CONTRATACIÓNS.- 3.1.- Adjudicación Masas Comúns de Laro

ANTECEDENTES.

O Pleno municipal, na sesión de data 31 de marzo de 2000, acordou aprobar as bases para alleamento por subasta das parcelas sobrantes (masas comúns) no acordo de concentración parcelaria de LARO-PARADA. Ditas bases foron publicadas no B.O.P. de Pontevedra nº 84 de 3 de maio de 2000. Rematado o prazo de presentación de ofertas procedeuse a apertura de plicas pola Mesa de Contratación, debidamente convocada ó efecto, o día 30 de maio do presente ano.

ACORDO

Á vista da proposta formulada pola mencionada Mesa de Contratación, a Comisión de Goberno acorda por unanimidade dos seus membros:

1º.- Declarar válido o acto de licitación.

2º.- *Adjudicac a adjudic das masas comúns ós licitadores e nas cantidades que se relacionan a continuación, ó ser os autores das ofertas máis vantaxosas para a Corporación.*

Parcela	Precio Inicial	Nº Ofertas	Ofertante	Cuantía Oferta	Adjudicatario
8	260.550	1	José M. Castro Iglesias	301.000	José M. Castro Iglesias
51	271.600	1	M. Jesús Regalade Souto	279.000	M. Jesús Regalade Souto
76	109.200	2	Alfredo Saá Sánchez	250.000	Amelia A. Villaverde Doval
			Amelia A. Villaverde Doval	350.000	
144	520.000	4	Carlos Ramos Troitiño	530.000	César Troitiño Núñez
			César Troitiño Núñez	1.005.000	
			José M. García Soto	856.115	
			José M. Castro Iglesias	1.001.200	
149	784.000	1	Rosa M. Rguez, Pereira	790.000	Rosa M. Rodriguez Pereira
162	728.200	2	Manuel A. Ramos Gómez	855.000	Manuel A. Ramos Gómez
			César Troitiño Núñez	811.000	
168	330.000	1	José Mato Vilela	350.551	José Mato Vilela
417	188.400	0			
420	323.400	0			
567	278.300	0			
602	627.000	0			
693	23.850	1	Jaime Troitiño Fernández	71.901	Jaime Troitiño Fernández
705	253.000	0			
759	1.769.600	0			
787	698.100	1	Inés Fernández Troitiño	900.550	Inés Fernández Troitiño
1.040	478.800	0			

3º.- Devolver as garantías provisionais a tódolos licitadores

4º.- Requerir ós adjudicatarios para que adjudicac a formalizar o contrato en documento administrativo dentro do prazo de trinta días naturais a contar dende ó seguinte á notificación do presente acordo, previo aboamento do prezo de adjudicación nas arcas municipais.

5º.- Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para que en nome e representación do Concello, asine a escritura pública e os documentos que cumpran.

6º.- Notificar ó presente acordo a tódolos participantes na licitación e, ó abeiro do artigo 109 do Regulamento de bens das Entidades Locais dar conta á Xunta de Galicia.

VISTO que en data 14 de Xuño 2007, a compra da parcela 693 ao Concello de Silleda foi elevada a escritura pública, nº protocolo 913, diante do Notario Manuel Barros Gallego, e qua as fincas nº 693 e 705 teñen a condición xurídica de bens patrimoniais, por tartarse de parcelas sobrantes da Concentración Parcelaria de Laro (masas comúns),

Por unanimidade, se acorda:

- **APROBAR** inicialmente a PERMUTA do camiño –quedando deste xeito salvagardado o seu uso ou cualificación xurídica como ben de dominio público – sito na finca nº 693 do Polígono 6 do Plano de Concentración Parcelaria de Laro, propiedade de JAIME TROITIÑO FERNANDEZ, DNI nº 76813143-C, con carácter ganancial coa súa dona ELSA LOUREIRO RODRIGUEZ, DNI nº 76813143-C, e que se lle transmitiu “libre de cargas e gravames”, coa parcela 705-Polígono 6 sobrante desa Concentración, de propiedade municipal, **CONDICIONADA** a correspondente valoración pericial, con ingreso a favor do Concello de non existir equivalencia na taxación das parcelas.
- **PROCEDER** a súa valoración polos técnicos municipais, a efectos da posterior transmisión ao veciño solicitante.

----- ... -----

B.-Parte de control dos órganos de goberno.

6º.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS.

6.1.- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCEIIEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELIO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN PARA A REDUCCIÓN DA TAXA DA RECOLLIDA DE LIXO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas de Silleda xa presentara diversas alegacións á suba da taxa de recollida de residuos sólidos urbanos imposta polo Concello de Silleda a finais de 2013, as cales foron rexeitadas polo goberno municipal, mais nalgúns casos matizárase que se realizaría unha análise conveniente unha vez aprobada da ordenanza para contrastar as propostas realizadas polo BNG e a súa aplicación posteriormente.

Pasados xa case tres anos e tendo o goberno tempo suficiente para as modificacións propostas, o BNG reitera novamente algunhas das reivindicacións, xa que até agora non foron atendidas e tampouco existe unha mellora tan cualitativa no servizo para xustificar que non se atenda.

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DO LIXO, baseadas nas seguintes cuestións:

- 1- Exención ou bonificación ao 90% de vivendas que constituán residencia habitual ou permanente das persoas beneficiarias da Renda de inserción social básica RISGA,

pensións non contributivas, prestacións por axuda familiar ou insolvencia informada polos servizos sociais do Concello ou da Xunta de Galiza.

2.- Bonificación para as vivendas do medio rural e periurbanas ou semiurbanas ao non contar co mesmo servizo de recollida de lixo que nas vilas. (Lembremos que non existe a recollida selectiva de envases, nin colectores suficientes)

3.- Bonificación ou redución para vivendas rurais non habitadas e non ruinosas, máis en deficiente estado de conservación, que non utilicen o servizo,

4.- Redución para as tabernas, ultramarinos, talleres, naves Industriais e establecementos comerciais do medio rural, os cales non contan coa mesma prestación do servizo cós urbanos.

5.- Establecemento da taxa para os locais comerciais urbanos segundo os metros cadrados de superficie ocupada, prevendo mesmo a posibilidade de propor algunha epígrafe máis (por exemplo, caso das oficinas que están a aboar taxas iguais ás dos locais comerciais e superiores a unha vivenda, cando a produción de lixo mesmo é menor a estas últimas), para realizar unha distinción máis diversa e xusta que teña a ver coa maior incidencia da actividade do local para o servizo de recollida do lixo.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de SILLEDA a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que se modifique a taxa polo servizo de recollida e tratamento do lixo no Concello de Silleda, cando menos segundo o contido na proposta do BNG Asembleas Abertas, ao non garantir as previsións para as que foi aprobada e significar unha suba de prezo inxustificada en todos os apartados recollidos nesta moción.

Silleda, 22 de Setembro de 2016,
Asdo. Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS:

Voceiro do BNG: afirma que o concello subiu as taxas vixentes 2 anos, nos pedimos que fosen pospostas, fixemos preguntas, e se fixeron alegacións no seu día, pedimos a exención, por exemplo, para os perceptores do Risga, tamén unha bonificación as vivendas do medio rural e periurbanas, que non teñen o mesmo servizo cas demais, igualmente a redución para talleres, ultramarinos, naves, pola mesma razón, habería que regular mellor a taxa segundo a superficie para os locais comerciais, incluso crear máis epígrafes, como o caso das oficinas que contan coma un comercio, cando xeneran menos lixo claramente. Naquela o Alcalde dixo que se estudaría e houbo 2 anos para facelo. Ten que haber unha maior distribución dos conceptos a pagar, reclamando que os apartados citados na moción están pagando unha subida de prezo inxustificada. Pregunta polo proceso actual de licitación do servizo.

Voceiro PP: indica que hai cousas coas que está de acordo e outras non. Respecto a bonificación do RISGA se fixo unha modificación e esta recollida na ordenanza actual. Discrepamos coa bonificación para vivendas valeiras, xa que sería un agravio cos pisos. Pregunta polo proxecto de compostaxe da Deputación e si se fixo un estudo sobre modificación das taxas.

Alcalde: explica que, en parte, as propostas do BNG xa foron aclaradas polo PP. Replica o voceiro que lle acusa de non ler e vostede fixo un corta e pega ca moción. A bonificación do RISGA está na ordenanza. A adxudicación actualmente en trámite está pendente do informe técnico da Deputación, preceptivo para cualificar as ofertas; logo deste concurso se fará recollida selectiva no rural. Compre lembrar que o servizo custa mais no rural que na zona urbana e tamén que estamos obrigados legalmente a manter o equilibrio económico, que nos obriga a que o importe das taxas cubran o custe, ee os 72 € actuais aínda se quedan curtos. Sobre o compostaxe levamos tempo traballando nel e xa se fixo unha proposta e imos empezar polo CEIP de Bandeira. Se buscaron posibles ubicacións no caso urbano pero resulta complicado atopar un sitios adecuado, non hai onde poñelos. Viñeron os técnicos da Deputación e non hai sitios públicos que encaixen nas súas esixencias técnicas. Despois do CEIP se rá vendo...

Voceiro do BNG: o BNG xa presentara alegacións e habería que saber si vostede fixo o estudo que lle pedimos cando se aprobaron as ordenanzas. Estamos de acordo que no rural non é necesario facer recollida tódolos días. A bonificación para vivendas no rural valeiras pretende axudar a manter a poboación. Preocúpame que non se xustifique en absoluto que exista una mellora no servizo. Tamén pedín no seu día que se estudara a posibilidade de mancomunar coa Vila de Cruces, que podería ser mais barato.

Alcalde: no caso das vivendas rurais non habitadas non é que se lle denegue. Os veciños que o solicitan teñen que xustificar a non habitabilidade e se concede.

Voceiro do BNG: pido o amparo do Secretario porque quero facer unha modificación.

Secretario: a moción está debatida; nos plenos este tipo de incidencias corresponden a Alcaldía, a quen compete a ordenación do debate/propostas, sen prexuízo das accións legais a quen discrepe.

Voceiro do BNG: quero presentar unha enmenda.

Alcalde: o asunto xa está mais que debatido e procede a votación.

VOTACIÓN: Se rexeita a Moción por 6 votos en contra (PSOE) , 1 a favor (BNG) e 4 abstencións (4 do PP).

----- ... -----

6.2.- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN PARA A REDUCCIÓN DAS TAXAS NOS MATRIMONIOS CIVÍS.

EXPOSICION DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas de Silleda é *testemuña* da sorpresa e malestar de moit@s silledenses que deciden casar polo *civil nas* dependencias municipais de deben facer fronte a unha taxa de 80 euros, que *máis semella* un imposto recadatorio que un servizo que a institución municipal presta *á veciñanza*, o cal non se pode xustificar nin tan sequera en termos económicos por *constituir unha taxa* demasiado elevada, cando os gastos municipais só serían a tramitación *do expediente* (cosa que debe facer persoal xa adscrito ao concello), a apertura dun local (*cuestión que xa realiza @ concelleir@ que oficia*) e a limpeza para a cal se utiliza o *propio* persoal municipal de limpeza.

A finais de 2001 entrou en vigor esta ordenanza, á que xa o BNG daquelas mostrou a súa disconformidade pola taxa establecida, que co tempo demostrou que supera con creces o gasto que produce e é excesiva para o disposto polo concello.

Aínda sabendo que no Rexistro Civil o enlace é gratuito, a cerimonia, a localización e a situación non é a mesma, polo que o Concello de Silleda debe garantir como institución pública achegada aos cidadáns que a xente poda ter maior facilidade económicas para acceder a este servizo municipal.

Actualmente o artigo 4 da ordenanza reguladora da taxa por prestación do servizo de cerimonias civís referido di: ARTIGO 4. COTA TRIBUTARIA.

4.1 Corresponde aboar pola prestación do servizo regulado nesta Ordenanza: - Matrimonios civís: a) Se un ou ambos contraentes encóntranse empadroados no Concello de Silleda, a taxa ascenderá á cantidade de 80 €. b) Se ningún dos contraentes estivera empadroado no Concello de Silleda, a taxa ascenderá á cantidade de 160 €.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de SILLEDADA a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que se modifique a taxa de matrimonios civís para impor unha cobranza consonte ao servizo público que se presta, para o que o BNG Asembleas Abertas propón unha rebaixa, cande menos, do 50%.

*Silleda, 26 de Setembro de 2016
Asdo. Matías Rodríguez da Torre*

INTERVENCIONS:

Voceiro do BNG: afirma que, aínda que o enlace no Rexistro é gratuito, o concello dispón do local, da limpeza, do persoal que tramita o expediente, a taxa de 80 € mais parece un imposto que unha cantidade que cubra eses gastos, e xa no 2001 mostramos a nosa discrepancia, e existe malestar de moitos veciños que deciden casar por esta vía, polo que a nosa proposta é rebaixar, como mínimo, un 50 %.

Voceiro PP: indica que lle gustaría saber, para aclarar esta moción, se o ingreso da taxa serve para cubrir custos. Estamos a falar dun número pequeno de actos, non o sei pero poden ser 6, 8 o ano. A relevancia económica é mínima.

Alcalde: é unha taxa que, a diferenza da do lixo, non se crea para cubrir o servizo, por non ser de primeira necesidade. Non é o obxectivo. Os 80 € pódese dicir que resulta case gratuito.

Voceiro do BNG: se eu traio isto é porque xa houbo un debate entre os 3 voceiros a falouse de 120 €. Sigo protestando por considerar que resulta caro e que o concello ten afán recadatorio, habería que saber o número real de unións.

VOTACIÓN: Se rexeita a Moción por 6 votos en contra (PSOE) e 5 a favor (1 BNG e 4 do PP).

----- ... -----

6.3.- MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELEIRO ACREDITADO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA AO PLENO A SEGUINTE MOCIÓN PARA A REDUCIÓN DE TAXAS NAS FEIRAS TRADICIONAIS E DINAMIZACIÓN DA FEIRA DE SILLEDA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Bloque Nacionalista Galego Asembleas Abertas de Silleda leva comprobado como desde Outubro de 2012 desde que entrou en vigor a Ordenanza marco reguladora do comercio ambulante no Concello de Silleda no tocante ás feiras tradicionais de mercadillo periódico, non se ten en conta, a pesar de telo indicado xa polo BNN na altura da redacción da normativa, a venda de produtos excedentarios de tempada e comercio de proximidade e a artesanía tradicional manufacturada e non industrial, á hora da cobranza dunha taxa moderada que no caso destes produtores, máis semella un imposto recadatorio que un servizo que a institución municipal presta á veciñanza, o cal non se pode xustificar nin tan sequera en termos económicos por constituír unha taxa demasiado elevada, cando os gastos municipais só serían a tramitación do expediente (cousa que debe facer persoal xa adscrito ao concello), e a limpeza, para a cal sumada toda a recadación dunha xornada de feira superaríase con creces o investimento que no propio mercado se realiza por parte do Concello, polo que incumpre a regra básica dos servizos públicos de cobrar segundo as necesidades do servizo e, polo tanto, non lucrarse a administración pública.

Con todo isto lembramos que as feiras tradicionais no Concello de Silleda non melloraron as súas prestacións municipais logo de o Concello establecer esta taxa, a cal, en todo o caso, debería ser consecvente cos gastos que ocasiona e servir o ingresado para avanzar na mellora das infraestruturas e servizos na Feira da Bandeira e reorganizar a de Silleda dunha vez en colaboración co comercio local e no ánimo de potenciar un mercado xusto, de calidade e proximidade, porque o Concello non pode só servir para cobrar, senón que ten que responsabilizarse e comprometerse directamente coa promoción da economía local.

Deste xeito, terían que modificarse o artigo 2 de modalidades de venda da ordenanza marco para dar cabida aos tipos de produción descritos e o artigo 3.1 correspondente á cota tributaria da ordenanza fiscal reguladora neste sentido.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de SILLEOA a adopción do seguinte

ACORDO

1. Que se inclúan as dúas modalidades de produción devanditas e se modifique a taxa nas feiras tradicionais de mercadillo periódico aos postos de produtos excedentarios de comercio de proximidade e de artesanía tradicional manufacturada para impor unha cobranza máis xusta cos produtores de calidade, promotores da economía sustentábel e consonte ao servizo público que se presta desde o municipio, polo que desde o BNG Asembleas Abertas se propón unha rebaixa, cando menos, do 50%.
2. A dinamización definitiva por parte do Concello de Silleda, en colaboración co comercio local, da feira tradicional da vila de Silleda, converténdoa nun activo fundamental para o desenvolvemento do comercio e a economía trasdezá.

Silleda, 28 de Setembro de 2016

Asdo. Matías Rodríguez da Torre

INTERVENCIONS:

Voceiro do BNG: resume a moción indicando que se trata de pedir a modificación da taxa que se cobra no mercádelo, en relación cos produtos que se cultivan na zona rural, que os paisanos queiran vender, e tamén os de artesanía tradicional, xa que a taxa actual é demasiado elevada, o concello dispón da limpeza, do persoal, etc, polo que a recadación dunha xornada de feira superaría o que se gasta por parte municipal, e isto non está inventado por nós, algo moi típico en Francia, por exemplo, polo que a nosa proposta é rebaixar, como mínimo, un 50 %. Isto tamén debe ser unha base de actuación para o Centro Agrario, o que incluíría a dinamización do comercio local, recuperando a feira tradicional de Silleda.

Voceiro PP: pregunta si cando fala de venda de produtos excedentarios se refire a venda de leitugas, repolos...

Alcalde: desde o goberno estase a plantexar o proxecto do Centro Desenvolvemento Agrario incluíndo coma un dos seus obxectivos a dinamización da que fala e canles de comercialización con determinados produtos e tamén se esta a pensar nunha modificación das taxas, pero mais ampla, sobre o que faremos un estudo. Teño que dicirle que sempre ten que meter algunha cuña para increpar a este goberno. No ano 2015 se gastaron 10.696 € na feira de Bandeira e se destinan 3 traballadores a limpar, cousa que antes non facían, contenedores que se enchén, reparacións na praza, etc., todo a conta do concello. Respecto da recuperación da feira de Silleda sabemos todos que hai comerciantes que a queren e outros que non. Un tema a pensar.

Voceiro do BNG: o traballo dos políticos é buscar o xeito de conquistar acordos para poder facer cousas, Por certo, que a feira ten menos controversia popular que o traslado da Casa Consistorial e as feiras teñen un rendemento na actividade económica.

VOTACIÓN: Se rexeita a Moción por 6 votos en contra (PSOE) e 5 a favor (1 BNG e 4 do PP).

----- ... -----

6.4.- JOSÉ LUIS ESPIÑO ESPANTOSO, PORTAVOZ DO GRUPO DO PARTIDO POPULAR NO CONCELLO DE SILLEDA, POLO MEDIO DO PRESENTE ESCRITO VEN A PRESENTAR ANTE ESTE CONCELLO A MOCIÓN DE URXENCIA PARA A PROTECCIÓN DOS ESPAZOS SINGULARES DO CONCELLO DE SILLEDA PARA O SEU DEBATE EN PLENO.

O Sr. Alcalde somete a votación previamente a urxencia, que se acepta por unanimidade.

O Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Silleda, consonte ó previsto no Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, por medio do presente escrito eleva ó Pleno Municipal a seguinte

MOCIÓN DE URXENCIA

A urxencia da presentación desta moción ven motivada polos recentes acontecementos, nos que polo Grupo de Goberno do Concello de Silleda se iniciou o acondicionamento do acceso ao miradoiro da Fervenza do Toxa e a ponte de Pazos, adoptando para elo unha

solución que máis ala do afortunada ou desafortunada que poida parecer, supón un auténtico atentado contra o medio ambiente, e particularmente contra un dos espazos naturais máis importantes do Concello de Silleda, que goza dunha protección especial ao haber sido catalogado dentro da Rede Natura 2000, como Lugar de Importancia Comunitaria dentro do Sistema Fluvial Ulla - Deza.

Tampouco debe subestimarse o atractivo turístico que supón este enclave para o noso Concello, que atrae cada ano a milleiros de visitantes, e que debe servir de mostra, da sensibilidade, respecto, e coidado que os silledenses temos pola nosa natureza, os nosos recursos naturais, e o medio ambiente.

Afortunadamente este espazo non e o único que poderíamos denominar como singular do noso Concello, senón que a riqueza tanto patrimonial como natural do noso concello, fai que dispoñamos de lugares de tanta relevancia como o Mosteiro de Carboeiro, a Férveda de Escuadro, etc.

A desafortunada decisión adoptada polo actual grupo de goberno a hora escoller e levar a cabo o proxecto elixido para o acondicionamento de este enclave, debe servir como acicate e punto de inflexión para que no noso Concello non se volva a repetir unha situación como esta, e que por desgraza non e a única mostra da falta de sensibilidade que ata o de agora se ven amosando polo grupo de goberno, que xa tivo que ser reprimido por outras administración en outras ocasións.

Por todo elo, consideramos que e fundamental que dende o Concello de Silleda, e especialmente dende os seus órganos de goberno, máis alá das distintas cores políticas que nel detentan as responsabilidades de goberno, se mostre unha especial sensibilidade e respecto a hora de levar a cabo calquer actuación que se desenvolva dentro destes espazos singulares do noso Concello, non só como unha mostra de respecto hacia os nosos recursos e o medio ambiente, senón tamén como un exemplo a seguir por tódolos veciños do noso concello na medida que as súas actuacións podar repercutir nos devanditos espazos, e nos demais recursos naturais e patrimoniais do noso Concello.

En consecuencia o Grupo Municipal do Partido Popular de Silleda, solicita ó Pleno da Corporación Municipal do Concello de Silleda a adopción dos seguintes

ACORDOS

Que se acorde a reposición das actuacións levadas a cabo no entorno da Ferverza do Toxa e na ponte de Pazos a súa situación anterior, levándose a cabo unha nova actuación respetuosa cos espazos afectados.

Que se acorde a creación dunha comisión conformada por un representante de cada un dos distintos grupos políticos municipais, así como un técnico municipal da área de urbanismo, que terá entre outras as seguintes atribucións:

1. Encargarase de elaborar un prego técnico das condicións que requirirán os distintos proxectos que se presenten a licitación segundo a actuación prevista e o "espazo singular" no que teña previsto levarse a cabo.

2. Encargarase de avaliar os proxectos que se presenten para levar al cabo actuacións en calquera dos denominados "espazos singulares" do Concello de Silleda, esta comisión será a encargada da emisión dun informe no que atendendo as distintas

características do proxecto, determinará si o proxecto presentado resulta favorable ou non para poder ser tido en conta a hora da adxudicación.

3. Que de maneira previa se cree unha comisión conformada por un representante de cada un dos distintos grupos políticos municipais, a fin de elaborar unha listaxe dos lugares e monumentos que merezan a consideración de "espazo singular" dentro do Concello de Silleda.

*En Silleda a 28 de setembro de 2016-09-29
Asdo. José Luis Espiño Espantoso*

Voceiro PP: Logo de ler a moción, o voceiro aclara que cando falan de espazos singulares se refiren a Carboeiro, Pazos, ou a Fervenza de Escuadro..., que apostan por facer entre os grupos un Prego de condicións, aínda que despois sexa o goberno o que decida. Que buscan poñer algo entre todos para evitar que pasen cousas coma estas.

Voceiro do BNG: sinala que o seu grupo xa se fixo eco do caso e foi ata a parroquia de Pazos. Que o que se fixo no miradoiro supón unha falta de decoro e sensibilidade, que alí non se pode facer iso. Que o primeiro atentado foi facer ese miradoiro, e que agora 20 anos despois se reedita. Apunta que a proposta do PP non é a solución, pero que estas cousas poden estar ben. Insiste en ter un decoro mínimo polo entorno natural, que en moitos sitios non hai que facer nada, que non por facer obras a peito se melloran as cousas. Que por riba dos técnicos están os responsables políticos. Lembra o que pasou co Castro de Cortegada e sobre o motivo da moción asegura que o caso tivo moita repercusión.

Concelleira de Turismo: pide non perder a perspectiva, xa que o realizado en Pazos foi unha obra acometida cunha subvención para mellorar a sinalización e accesibilidade, tanto no entorno da Fervenza como no mosteiro de Carboeiro. Explica que o que se fixo era a única solución técnica posible para mellorar o acceso ao miradoiro, onde hai unha pendente do 14%. Que para cumprir a lei se se puxera de madeira había que facer unha estrutura en zigzag, e o orzamento se dispararía ata os 96.000 euros. Refírese ao perigo que tiñan os escalóns existentes, con grandes irregularidades e que por iso se propuxo rechíalos cos mesmos materiais que xa existían. Advirte a concelleira do perigo que teñen as redes sociais. Que ao final o que se fixo foi acondicionar un pequeno tramo, dous escalos, que non se asfaltou nada. Que se verá o resultado global cando se remate a obra, que cando pase o inverno, apenas se notará a diferenza.

Voceiro do BNG: Comente que el veu o proxecto pero que neste caso se trata dunha cuestión estética. Que cando se refai unha cousa non se pode meter a pata outra vez, que o miradoiro non ten accesibilidade por que hai escalos, que o que se fixo é un estropicio do século XXI. Que tamén foi unha aberración no seu día facer esas mesas e bancos ao pe da Fervenza. Pide que todas as iniciativas que se tomen deste tipo que se convoque aos grupos, poñendo como exemplo o plan de axuda a emprendedores.

Alcalde: sinala que a maioría dos concellos, coma no caso de Silleda, se serven das Administracións Supramunicipais para facer obras. Que teñen constancia de que a Deputación ten varios millóns de euros nunha partida de cartos de subvencións para Concellos que non foron capaces de executalas. Apunta que, en cambio, Silleda executa o 100% das obras e que é dos primeiros Concellos en certificarlas, xustificar subvencións e pagalas, circunstancia que implica moitas dificultades, e proba dunha boa xestión.

Advirte que no caso desta subvención de sinalización e accesibilidade a Pazos e Carboeiro, de 49.000 euros de Turismo de Galicia foi aprobada o 17 de agosto e tiña que estar executada antes do 30 de setembro... Que se fixo unha ampliación de prazo de un mes mais.

Considera que o que está pasando co asunto en cuestión é unha caza e captura do goberno, ao que se critica cando non se fai e cando se fai. Que lle gustaría que os grupos esperaran a

ver a obra rematada, que o tema saltou a unhas redes sociais e os grupos da oposición se arrastraron. defende que o goberno ten a obriga de facer accesibles espazos coma este, que se puxo pedra natural do país enriba do formigón que xa había neste tramo, e que parece que se cometeu o delito ecolóxico do século. Que o que máis chama a atención é que o PP se faga eco, cando o miradoiro de formigón se botou alí durante o seu mandato, que non culpa ao grupo actual do PP. Preguntase tamén onde estaban cando o PP de agora cando o seu partido destruíu en Cira e Gres as presas históricas do ano 1700. Remata felicitando á concelleira de Turismo polo proxecto realizado.

Respecto ao concelleiro do BNG lémbrralle que hai pouco se fixo unha enquisa e que a Fervenza do Toxa era incluso máis coñecida ca do Ézaro, que non se pode dubidar da sensibilidade do goberno.

Voceiro do PP: sobre as presas de Cira recorda que o seu grupo apoiou no Pleno a moción do goberno. Que respecto ás redes sociais o PSOE tamén se emprega e lee un comentario da concelleira de Cultura sobre estas obras nas redes.

O **voceiro do BNG** di que o primeiro que hai que recoñecer é o “mea culpa” que non defendan así a actuación. Que recoñecidos expertos na materia saíron nas redes criticando a actuación.

O **Alcalde** pecha o debate apuntando unha reflexión: que de toda a inversión só se está a criticar unha pequena parte, que supón so 2.374 euros de todo o proxecto, que por certo se encargou a unha técnica que é veciña do lugar.

Antes da votación o voceiro do BNG di que en relación á moción a comisión proposta polo PP pode ser unha comisión informativa.

O Alcalde replica que esa cuestión se pode decidir pero noutro contexto. Que en moitas ocasión, con obras que se fan con subvencións apenas hai tempo.

Dáse por cerrado o debate e procédese a votación.

VOTACIÓN: Se rexeita a Moción por 6 votos en contra (PSOE) e 5 a favor (1 BNG e 4 do PP).

----- ... -----

INCISO: MOCIÓN de “Viva Voz”:

Voceiro do BNG: apelo ao Sr. Secretario de novo, xa que quero presentar unha moción de “viva voz”, aclarando que se refire a moción anterior sobre rebaixa da taxa de recollida de lixo e a enmenda que non se permitiu presentar sobre a proposta inicial desa moción.

Alcalde: entendo que é un punto que xa está debatido.

Voceiro do BNG: pero se pode presentar de urxencia e “*in voce*”.

Secretario: a cuestión de enmenda está debatida na moción previa; nos plenos corresponde a Alcaldía a ordenación do debate/propostas, sen prexuízo das accións legais posteriores.

Alcalde: repito que xa foi debatido.

----- ... -----

7º.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DOS MESES ANTERIORES.

Dáse conta.

----- ... -----

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Voceiro do PP: pregunta sobre o conflito xurdido na Área 33, sobre o estado da reclamación/negociación con Espina, sobre a tramitación do PXOM e como marcha o Centro Agrario.

Voceiro do BNG:

- ¿Tarxetas minusvalidos, que pasa?, xa que tardan moito tempo, polo que hai que presionar a quen se teña que presionar.
- ¿Libro toponimia, que pasa? Están abandonados na C. Cultura Propuxen no seu día incluso a distribución que debería ter.
- Sobre o Polígono. O conflito e froito das políticas insociables (*túzaras*) do Alcalde.
- Sobre reconstrución Capela da Mercé. ¿Porqué se chama sempre as mesmas empresas?
- Sobre a fianza de 12.000 € polo corte da N-525 na festa da empanada, xa que non lle parece lóxico que a pidan ó Concello cando é o Ministerio o que asume ese vial.
- Secretario. Quixera preguntarlle o Secretario sobre o escrito que nos mandou en Agosto, no que se informaba dos incidentes acaecidos co Director Xeral e o seu nomeamento.

Secretario: en primeiro lugar valoro que teña esa iniciativa e grazas Matías por facerme esta pregunta, grazas, xa que, aínda que estimo se trata dun asunto a día de hoxe basicamente privado, tamén é certo que ten unha incidencia pública e afecta moi en concreto a este Pleno. Dito isto, considero que a actuación do Director Xeral no proceso do meu nomeamento, logo de renunciar a Aroche, foi grave, moi grave, con énfase, e diría que non só da persoa, do Director, senón tamén da Dirección Xeral coma organismo público, tamén coma institución teñen unha responsabilidade neste tema. En tal senso a miña conclusión é que me deben indemnizar polos danos e prexuízos persoais e profesionais ocasionados. Por elo, presentei xa unha reclamación de responsabilidade patrimonial por funcionamento anormal da Dirección Xeral diante da Xunta e vou a presentar outra, directamente contra a persoa, o Sr. Pazos, polas difamacións/calumnias verquidas contra min. Continuarei co contencioso, que do Tribunal Superior acaban de remitir a Pontevedra, e non descarto a vía última dunha acción penal, aínda que para min o substancial é que me paguen.

Alcalde:

- No Polígono non hai conflito ningún, hai empresarios que piden explicacións sobre o que se está a facer e o Concello explica a súa obra.
- O acordo con Espina está claro, o que se acordou no Pleno, nin sequera é imprescindible que se asine.

- Enviáronse as correccións que pediron da Consellería sobre a documentación do PXOM. Espero que sexa o último paso...
- O Centro Agrario. O paso mais importante ata agora foi concorrer a solicitude de subvención de Espazo Atlántico. Se pasou a nota de corte. Había moitas solicitudes e se quedou fora, pero con moi bo nivel. Seguiremos intentándoo o ano que ven. Vanse efectuar varios cursos con tarifas moi axeitadas.
- Tarxetas, explica a conselleira que a valoración pode tardar 6 meses, aclarando que si é física, dende o concello se pode expedir unha tarxeta de aparcamento, polo que hai que diferenciar estes trámites.
- Libros. As veces é triste toparse con opinións así. Houbo unha exposición no Museo Pobo Galego. Os profesores do Instituto pediron un mes mais. A axenda da exposición xa estaba cerrada. Quedou en facerse no Nadal, dende o Instituto non volveron a poñerse en contacto, e quedou así... En todo caso, hai data prevista para as vindeiras semanas. O Concello entregou exemplares a tódolos centros, asociacións e están a disposición de tódolos veciños.
- Fianza, se trata dunha fianza que se presenta e se devolve o día seguinte. Era para o corte da estrada.

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que da por rematada a sesión.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 12-25 horas do 29 de Setembro de 2016, do que, eu, o Secretario, dou fe.

Silleda a 29 de Setembro de 2016.

SECRETARIO



Manuel Quintans Queiruga

